

Anxo Angueira

A sepia-toned portrait of Rosalía de Castro, a Galician poet and writer. She is shown from the chest up, wearing a dark, high-collared dress. Her hair is styled in an elaborate, wavy updo. She has a serious expression and is looking slightly to the right of the frame.

Unha primeira
edición de
Cantares gallegos
con fotografía,
autógrafo
e carta de Rosalía

Unha primeira edición de *Cantares gallegos* con fotografía, autógrafo e carta de Rosalía

A conmemoración dos cento cincuenta anos de *Cantares gallegos* está supondo ao longo de 2013 un fervedoiro de accións culturais arredor da obra e da súa autora. Volvevos pór os ollos, sempre con inquietudes renovadas, sobre un texto de extraordinario valor literario e simbólico. O vigor social da conmemoración fixo que, ademais de exposicións, congresos, publicacións..., saíse á luz pública un exemplar único, que saibamos, daquela edición de 1863. Trátase dun exemplar encadernado ó que se lle coseron dous pares de follas en papel similar, pero distinto ó que viu luz na rúa Real de Vigo da man de Compañel. A alteración resulta un engadido moi enriquecedor no seu tempo e hoxe enormemente valioso. O primeiro par de follas está cosido entre a que no orixinal indica “PRIMEIRA PARTE”, que á súa vez se sitúa despois do prólogo, e a que inicia o primeiro dos poemas do libro, a súa páxina primeira. Na páxina par da primeira folla atopamos unha fotografía orixinal da época (55x90mm, formato da carte de visite) pegada sobre o papel e unha anotación a lapis na parte inferior esquerda sinalando a data da morte de Rosalía (15-VII-85). Na impar da seguinte, e polo tanto contigua, lemos un autógrafo cos dezaseis primeiros versos do poema inicial (o impreso na páxina correspondente ten 14) asinado por Rosalía Castro de Murguía. O segundo par de follas está inserido ó final do “ÍNDICE”, polo tanto ó final do texto impreso. Contigua a esta páxina derradeira da edición de 1863 lemos un texto manuscrito titulado “Fernan Caballero á Rosalia Castro” que ocupa esa folla e mais a páxina impar da seguinte. Trátase dunha carta datada en “Enero 25 de 1864” e copiada da orixinal, como nos di o autor anónimo da copia, quen brevemente nos deixa tamén o seu comentario.



+ 15-VII-85

A fotografía

A imaxe de Rosalía incorporada ao libro é unha fotografía orixinal da época, non unha reprodución impresa. Trátase do que se coñece como unha albumina que está pegada sobre o papel e en moi bo estado de conservación. A técnica da albumina, moi frecuente na segunda metade do XIX, é unha impresión en positivo por contacto sobre unha folla de papel recuberta por varias capas de clara de ovo antes de recibir un baño de nitrato de prata. É esta a mesma técnica tamén doutro retrato coñecido e moi similar: o asinado por María Cardarely e conservado na Real Academia Galega. Aínda que a posición do rostro non é a frontal, o peiteado e a vestimenta indicannos que está tirado na mesma sesión. As dúas imaxes fotográficas son o que se coñecía na época como *carte de visite*, formato realizado a partir da segmentación en catro, seis ou oito partes dunha placa. Este tipo de retratos eran tomados nos estudos fotográficos. Para a súa realización requirían dunha boa iluminación natural e longos tempos de exposición. A partir da invención deste sistema, a *carte de visite* tivo unha enorme popularidade e grande impacto nas relacións sociais: intercambiábanse entre amigos e familiares, colleccionábanse... Deste xeito temos que dar por certo que se fixeron máis imaxes desa mesma sesión fotográfica. Este exemplar de *Cantares gallegos* amósanos precisamente unha nova e mellor conservada que engadirlle á xa coñecida, pero cabe a posibilidade de que na mesma sesión se fixese algunha toma máis, como tamén é posíbel que do conxunto de imaxes da mesma placa só se fixesen estas dúas variantes.

No reverso do soporte secundario, habitualmente unha cartolina, adoitaba estamparse a firma do fotógrafo e a sede da súa actividade. E así é no retrato conservado pola RAG, irmán do que hoxe presentamos: “FOTOGRAFÍA de M.^a Cardarely, Santiago”. A autoría, polo tanto, non ofrece dúbidas. Para Xosé Henrique Acuña (2003) é María Cardarely, filla de tintureiros italianos asentados en Compostela, todo un síntoma da aparición a mediados de século das mulleres fotógrafas en Galicia. Con ela, Antonia Santos, Cándida Otero ou Filomena Díaz. Por outro lado, a foto tamén cómpre encadrala nun momento histórico que coincide, seguindo

a Henrique Acuña (2003), coa emerxencia dunha xeración decisiva para Galicia: a de Manuel Murguía, Rosalía de Castro, Teodosio Vesteiro, Aurelio Aguirre ou Eduardo Pondal. Todos eles retratados entre 1860 e 1870 en gabinetes pioneiros. María Cardarely retratou a Rosalía, Mariano Bordoy a Eduardo Pondal e Curros Enríquez posou para Pedro Varela. Agora ben, por que Rosalía é retratada por María Cardarely, por unha muller fotógrafa? O certo é que entre elas ademais de algo realmente obxectivo que é o de viviren en Santiago (Rosalía desde decembro de 1861) hai tamén en común o seren mulleres pioneiras nas súas respectivas dedicacións profesionais. Non témo-la certeza, pero algo disto pode haber no feito de que Rosalía, despois de publicar “Lieders” e de dar a coñecer *Cantares gallegos* coa consabida dedicatoria a Fernán Caballero, escollese para a súa sesión de retratos unha muller, unha fotógrafa, cando en Compostela había varios estudos fotográficos de prestixio rexentados por homes. Pouco ou case nada sabemos de María Cardarely e sería unha aventura, aínda que tentadora, lembrar a este propósito a presenza tan positiva de Italia tanto nos *Cantares* de Rosalía primeiro, coma logo en *Los precursores* de Murguía.

Por outro lado, os retratos fotográficos máis coñecidos de Rosalía mostran a escritora de fronte, nunha toma na que se esvaen os riscos da súa face. Por iso, se comparamos esta nova imaxe coa da mesma sesión acharemos unha maior riqueza precisamente en canto ó ferfil máis remarcado de varios trazos faciais, especialmente o nariz, o queixo, os labios e os pómulos. Probabelmente con esta foto faise máis real e definitiva a imaxe (o xesto igualmente serio e adusto, retador) que de Rosalía pintou Modesto Brocos por volta de 1880, como se fai máis entendible a acuarela pintada por algún dos seus fillos nesa mesma data. Evocando as palabras dedicadas por Lois Rodríguez (2013) ás variacións executadas por Portela no seu debuxo a respecto da fotografía de Sellier, tamén podemos dicir o mesmo desta foto a respecto da xa coñecida da mesma sesión:

“É case idéntica, pero provoca unha sensación ben distinta xa que agora preséntasenos como unha persoa capaz, segura de si, que mira o futuro e nos propón un horizonte”.

As de cantar,
Que ch'ei de dar zoucos,
As de cantar,
Que ch'ei de dar moitos

I

As de cantar
Memina gaiteira
As de cantar,
Que me morro de pena.

Canta memina
Na veira da fonte
Canta daveiche
Protinos do pote.

Canta memina
Con brando compas,
Daveiche umha proya
Da pedra do lar -

Rosalia Castro de
Murguia

O autógrafo

O texto do autógrafo de Rosalía, que a continuación transcribimos, ten moi poucas variantes a respecto do impreso.

As de cantar,
Que ch´ hei de dar zonchos,
As de cantar,
que ch´ hei de dar moitos.

I

As de cantar
Meniña gaiteira
As de cantar,
Que me morro de pena.

--

Canta meniña,
Na veira da fonte
Canta dareiche
Boliños do pote.

--

Canta meniña
Con brando compas,
Dareiche unha proya
Da pedra do lar.

Rosalía Castro de
Murguía

Do mesmo xeito ca na impresión, márcase cun especial sangrado a cántiga inicial. O subliñado do cuarto verso dese cantar é outra marca máis sobre o mesmo que no texto impreso se reflectirá con letra cursiva. Tamén se sinala a primeira parte do poema co número romano correspondente, aínda que se evitan con certa lóxica aquí as comiñas no inicio. Da disposición das estrofas no seu conxunto, só nos chama a atención o non sangrado do primeiro verso (“As de cantar”) tanto na cántiga coma no verso con que se continúa o poema. Nas outras dúas estrofas autógrafas Rosalía fai un sangrado no primeiro verso similar ó da impresión.

Do que é o texto en si e a súa ortografía, o único que realmente pode chamar a atención é o feito da reprodución plena do verso “Dareiche unha proya”, cando na impresión atopamos “Dareich’ unha proya”. Como dixemos a propósito da lingua literaria de *Cantares* (Angueira 2013, 103), Rosalía intenta crear a través da profusión do uso do apóstrofo unha paisaxe fónica próxima da oralidade. Esa profusión, fóra das contraccións máis habituais, resulta asistemática, o que explica aquí as diverxentes solucións que achamos no texto impreso (con apóstrofo) e no texto escrito (sen el). En todo caso, o manuscrito parece non querer desviarse en xeral da disposición tipográfica dos versos que a continuación aparecen impresos. Iso si, a estrofa cuarta do texto que foi cortada na edición impresa, é rescatada integramente, con toda lóxica, para a páxina do autógrafo.

Dada a escaseza de autógrafos rosalianos, e aínda que haxa que relativizar a importancia deste, dado o seu especial contexto, cremos que cómpre advertir do valor que supón este manuscrito da nosa autora. Na Exposición “No principio foi o verso” conseguimos reunir varios autógrafos relacionados con *Cantares gallegos*, mais só directamente co traballo recolector de Rosalía das cántigas populares. De aí tamén o singular valor deste texto ó ser o único, que saibamos, no que se rexistra de xeito manuscrito, aínda que sexa sobre o xa editado, o traballo poético da glosa.

Fernan Caballero á Rosalia Castro

Cosa inconceivable, increíble es, Señora que no escribiere á U. inmediatamente que recibí su precioso envío! he faltado á las mas vulgares reglas de buena crianza, al no darle inmediatamente las gracias; y no obstante Señora, (só' déjeme U. que la llame duque mis señores de Galicia) no me remueve de la conciencia, pues toda culpa está en el corazon, y este está expuesto de ella — Querría escribir á U. con despaño y despues de haberme empapado en sus preciosos versos — Esto por desgracia por mas que me he afanado, no he podido conseguirlo por completo, pues aunque U. ha puesto al fin un pequeño glosario no es suficiente y falta en la explicacion de muchas palabras usadas en los versos — antes, confesarse á U. mi torpeza (só' mas bien tímidez por miedo de no acertar) que no he podido, como lo desearía poner muchas en castellano para que las leyeren mis amigos — Por ejemplo en este encantador cantar: Corre el viento el río para etc por no haber dado con el significado de esta palabra lonxe que no puede ser queda pues las oye á distancia. Nunca Señora he leído poesías de mas profunda sensibilidad de sentimiento mas real no inspiradas ciertamente por la cabeza pero brotadas del corazon y de un corazon selecto, pues solo tal corazon, siente como U. sabe expresarlo. No concibo como haya nadie que pueda leer sin el mas profundo enternecimiento los versos que U. dedica á la memoria de su madre! para mi á cada momento veia la impresion al traves de mis lagrimas, pues para que no le faltase encanto hallaba en ella esa sublime naturalidad que es el sello de la verdad.

— Nada vale mi opinion menos mi voto, pero yo quisiera que valiesen muchísimo, para que al recibir U. mis plácemes sintiere U. una merecida satisfaccion y el libro un digno tributo.

— Deploro hondamente el indiferentismo literario de nuestra época que hará que no se reciba esta obra con ruidoso y universal entusiasmo como se merece; pero esto si puede no debe extrañarse ni desanimar á V.; el verdadero poeta esta por cima de las fruiciones de la vanidad, y puede V. estar segura, que su libro quedará por España entre las glorias de Galicia.

— Mil y mil gracias por haberme remitido esta expresión idealizada de aquella bella y torana provincia — mil enhorabuena por el noble y poético espíritu de verdadero y sentido patriotismo que la ha dictado. Diré á V. no obstante que me parece injusto la injusticia de que V. se queja y lamenta, tocante á su país — Galicia sus nombres, monumentos, marina y antigüedades, ocupan un lugar muy privilegiado en la historia de España y hasta mas que otras provincias. Si de los gallegos grotescos é ineptos que salen de su país para ocupar oficios bajos pero lucrativos en otros, se burlan, recuerde V. que la jactancia y ponderaciones de los andaluces son igualmente un continuo manantial de burlas chistes, para las demas provincias.

— Hay mas señoras; en la época ó el Diario Español, se inserto una especie de novelita intitulada el Diablo en Cantillana firmada por un verdanimo femenino y dedicada por encargo á mi, en que se hacia burlas febles ridiculas y depreciativa pintura de las cosas y costumbres populares andaluzas — Hay dos proximas señoras y amiga para ver las cosas, señoras y amigas, el dulce y poético de la benevolencia que embellece las cosas y el agrio y aereo de la malvolencia que las desmagra; por su suerte V. y yo, V. adiseno de Galicia, yo sencillo pintor de costumbres andaluzas, tenemos el primero

Mis aplausos, nada valen, mis ^{simpatías} ~~aplausos~~ algo más,
y ambas cosas envían á U. mi cabeza y mi corazón,
con las más expresivas gracias por su precioso,
apreciado y celebrado envío y recuerdo. Benditas
sean las plumas femeninas, que en nuestro país
son las puras vestales que se consagran á conservar
los sagrados fuegos de la Religión, patriotismo,
proveniamos de familia y todo lo bueno.

— De U. su más apasionado, simpático
y agradecido amigo y S.º
"Fernán Caballeros,"
"Enero 25 de 1864"

Esta carta la hemos copiado á la le-
tra de su original que la misma Señora
de Murguía nos ha facilitado á instancia
nuestra.

La inspirada poética que es objeto
de ellas averiguar á los literatos gallegos,
que no han sabido conquistar
un nombre (en nombre) en la república
de las letras. Varios periódicos ilus-
trados de Madrid y personas de nueva
instrucción y saber se ha ocupado de los
cantares prodiendo á su autor por pla-
cemes y en los abuecos que le honran
y ennoblecen. ¡Valgame esto de conparar
sin alabandous en que te tienen
ous pararon!

A carta

Velaquí a transcripción do texto manuscrito, no que reproduce a carta e se fan ó final algúns comentarios:

Fernán Caballero á Rosalia de Castro

«Cosa inconceivable, increíble es, Señora que no escribiese á V. inmediatamente que recibí su precioso envío! he faltado á las mas vulgares reglas de buena crianza, al no darle inmediatamente las gracias; y no obstante Señora, (ó déjeme V. que le llame dulce ruiñeñor de galicia) no me remuerde la conciencia pues toda culpa está en el corazon, y este está exento de ella. Querria escribir á V. con despacio y despues de haberme empapado en sus preciosos versos. Esto por desgracia por mas que me he afanado, no he podido conseguirlo por completo, pues aunque V. ha puesto al fin un pequeño glosario no es suficiente y falta en el la explicacion de muchas palabras usadas. así es, confesaré á V. mi torpeza (ó mas bien timidez por miedo a no acertar) que no he podido, como lo deseaba poner muchas en castellano para que las leyen mis amigos. Por ejemplo en este encantador cantar: Corre el viento, el río pasa, etc por no haber dado con el significado de la palabra lonxe que no puede ser queda pues las oye a distancia. Nunca Señora he leído poesias de mas profunda sensivilidad de sentimiento mas real no inspiradas ciertamente por la cabeza pero brotadas del corazon y de un

corazon selecto, pues solo tal corazon, siente como V. sabe expresarlo. No concibo como haya nadie que pueda leer sin el mas profundo enternecimiento los versos que V. dedica á la memoria de su madre! Para mi á cada momento veia la impresion al traves de mis lagrimas, pues para que no le faltase encanto hallaba en ella esa sublime naturalidad que es el sello de la verdad.

Nada vale mi opinión menos mi voto, pero yo quisiera que valiesen muchisimo, para que al recibir V. mis placemes sintiese V. una merecida satisfacci3n y el libro un digno tributo.

Deploro hondamente el indiferentismo literario de nuestra epoca que hará que no se reciba esta obra con ruidoso y universal entusiasmo como se merece; pero esto si sucede no debe estrañarse ni desanimar á V., el verdadero poeta esta por cima de las fruiciones de la vanidad, y puede V. estar segura, que su libro quedará por España entre las glorias de Galicia.

Mil y mil gracias por haberme remitido esta expresion idealizada de aquella bella y lozana provincia. mil enhorabuenas por el noble y poetico espiritu de verdadero y sentido patriotismo que la ha dictado. Diré a V. no obstante que me parece injusto la injusticia de que V. se queja y lamenta tocante a su país. Galicia sus hombres, monumentos, marina y antiguedades, ocupan un lugar mui privilegiado en la historia de España y harto mas que otras provincias. Si de los gallegos grotescos é ineptos que salen de su pais para ocupar oficios bajos pero lucrativos en otros, se burlan, recuerde V. que la jactancia y ponderaciones de los andaluces son igualmente un continuo manantial de burlescos chistes, para las demas provincias.

Hay mas Señora; en la Epoca ó el Diario Español, se inserto una especie de novelita intitulada El Diablo en Can-

tillana firmada por un seudónimo femenino y dedicada por escarnio á mí, en que se hacia la mas falsa ridicula y despreciativa pintura de las cosas y costumbres populares andaluzas. Hay dos prismas para ver las cosas, Señora y amiga, el dulce y poetico de la benevolencia que embelleze las cosas y el agrio y acerbo de la malevolencia que las denigra; por suerte V. y yo, V. rui señor de Galicia, yo sencillo pintor de costumbres andaluzas, tenemos el primero.

Mis aplausos nada valen; mis simpatias algo mas; y ambas cosas envían a V. mi cabeza y mi corazón, con las mas expresivas gracias por su precioso, apreciado y celebrado envio y recuerdo. Benditas sean las plumas femeninas, que en nuestro pais son las puras vestales que se consagran á conservar los sagrados fuegos de la Religion, patriotismo, poesia, amor de familia y todo lo bueno.

De V. su mas apreciada, simpatica y agradecida amiga y SS»

«Fernán Caballero»

«Enero 25 de 1864»

Esta carta la hemos copiado á la letra de su original que la misma Señora de Murguía nos ha facilitado á instancia nuestra.

La inspirada poetisa que es objeto de ella avergüenza a los literatos gallegos que no han sabido conquistarse un nombre (un nombre) en la republica de las letras. Varios periódicos ilustrados de Madrid y personas de mucha instrucción y saber se han ocupado de los cantares prodigando á su autora placemes y enhorabuenas que la honran y ennoblecen. ¡Válgale esto de compensación al abandono en que la tienen sus paisanos!

Titulábase “Los *Cantares gallegos* o Rosalía y los suyos entre 1860 y 1863”. Era un longo artigo que vía luz nos *Cuadernos de Estudios Gallegos* e acompañaba a edición feita polo seu autor, Fermín Bouza Brey (1963), tamén nese ano especial en que se conmemoraba o centenario da obra de Rosalía de Castro. Sen dúbida é ese o máis documentado e amplo traballo sobre a xénese de *Cantares gallegos*, incluíndo a dedicatoria a Fernán Caballero, á que lle dedica o capítulo sete da súa investigación, en que vai repasando con longas citas as páxinas de “Un tío en América” dos *Diálogos* da escritora andaluza dedicadas a Galicia, que tamén cita Murguía no primeiro volume da súa *Historia de Galicia* (1865) e que xustifican a dedicatoria de Rosalía. Dinos en determinada altura (Bouza Brey, 292):

No sabemos que se conserve hoy el original que dio la escritora andaluza a la escritora gallega al recibir los *Cantares*, ni siquiera copia de ella; pero sí hay una referencia de un escritor contemporáneo, Félix Moreno Astray, el cual, en 1865, hablando de Rosalía, nos cuenta que «mereció entre otros dictados el de Ruiseñor de Galicia como la llama —dice— la conocida escritora bajo el nombre de Fernán Caballero, en una carta que le dirigió y que he mos visto». Esta carta no podía ser otra que la de acuse de recibo de los *Cantares*, tanto por la fecha, como por el calificativo, que revela el tema de la epístola y aun podemos sospechar que fue Murguía quien se la mostró debido a la gran amistad que refleja existir entre ambos la semblanza que aquél escribió de Moreno, una de las más doloridas e inquietantes de las que componen su libro *Los Precursores*.

Á luz disto, o manuscrito que transcribe a carta que agora editamos confirma efectivamente as sospeitas de Bouza Brey e as palabras que este cita de Moreno Astray (*El viajero en la ciudad de Santiago*, 1865). Fernán Caballero contestou o envío e a dedicatoria de *Cantares gallegos* por parte de Rosalía e nel chámalle á nosa autora “Ruiseñor de Galicia”.

A propósito da relación epistolar entre as dúas escritoras, dísenos máis adiante (Bouza Brey, 296):

Desde la dedicatoria de *Cantares* sostuvieron Rosalía y Fernán Caballero relaciones epistolares. De ellas dedúcese que Rosalía enviou a la andaluza los libros *A mi madre* (1863) y *El Caballero de las Botas Azules* (1867); pero debió enviárselos juntos en esta última fecha, porque Fernán Caballero acusa recibo de los dos en carta de 20 de mayo de 1868, y si hubiese mandado el primero a su tiempo, como -dicho librito debió salir

antes que el de *Cantares* por razones sentimentales, entonces hubiera acusado recibo de éste también en la misma epístola. La Fernán Caballero, desorientada por aquella extraña novela, tardó en acusar recibo a Rosalía, por lo que ésta se queja en carta a su marido, de la que no se conserva fecha por haber llegado a nosotros sólo un fragmento, pero que debe ser naturalmente del mismo año y poco tiempo anterior a aquélla.

Bouza Brey estase referindo a dúas cartas. A enviada por Fernán Caballero a Rosalía no ano 1868 e a enviada por Rosalía a Murguía, que conservamos fragmentariamente e sen data. A primeira delas fora parcialmente transcrita por Carballo Calero (1959):

...toda mi admiración por el libro... La novela de usted es un misterio, aun para mí que lo he leído y releído, estudiado y meditado, pero un misterio lleno de atractivo y de interés; es una cosa nueva en su género... una obra escrita con tanto saber, talento y gracia... el libro de usted se levanta muy alto sobre las obras morales e inmorales que nos inundan.

A outra é a dirixida por Rosalía a Murguía, tamén fragmentaria e como dixemos sen datar, e que fora transcrita por Juan Naya nos seus *Inéditos de Rosalía* (1953, 84):

Fernán Caballero se porta efectivamente como una *plebeya*, pero se lo perdono. Non dudo que es buena, pero imagínate que si tiene, como me supongo, la manía de Ferminia agregada a otras muchas y a una respetable edad, ¡de qué modo mirará las cosas! Sábelo Dios, y el afecto que le habrá hecho la...

Para Bouza Brey e logo outros estudosos esta queixa de Rosalía é espello do segundo intercambio entre as dúas autoras, o realizado a propósito de *El caballero de las botas azules*. Agora sabemos que non, que estas palabras de Rosalía obedecen á carta que hoxe publicamos, é dicir: ó intercambio de envíos realizado polas dúas escritoras a propósito de *Cantares gallegos*. Un motivo irrefutábel é o aducido por Xosé Ramón Fernández Barreiro na súa biografía de Murguía. Cando Rosalía lle explica a Murguía pouco antes das súas palabras sobre Fernán Caballero que confía, para un proxecto literario que descoñecemos, “en lo de Pontevedra, ahora que se halla allí el conde de San Juan”, Barreiro acláranos que é este un pormenor decisivo para data-la carta posto que “Don Vicente Calderón Oreiro, conde de San Juan, foi gobernador e presidente da Deputación de Pontevedra entre o 12 de decembro de 1863 e o 10 de maio de 1864” (Barreiro 2012, 253).

Cómpre pois redirixir os comentarios de Rosalía sobre Fernán Caballero cara á recepción de *Cantares gallegos*. E agora, á luz desta carta, é cando mellor os podemos entender e cando cobran unha certa lóxica literaria da que carecían. Non se entendían as queixas de Rosalía a partir das palabras dedicadas pola escritora andaluza a *El caballero de las botas azules*, palabras gabanciosas cuxo perfil crítico, segundo Carballo Calero (1959), mesmo sería reutilizado por Murguía ó falar da singular novela en *Los precursores*. Agora é cando nos podemos explicar dun xeito máis congruente as confidencias de Rosalía.

Por que Fernán Caballero se porta como unha *plebeya*? Para nós porque no medio das flores que lle remite na súa carta a Rosalía hai tamén un par de dardos estruturais e ferintes. Referímonos á queixa que a escritora andaluza profire a respecto de que o glosario da obra é insuficiente e de que nin ela, nin moito menos os amigos cos que quere compartir o texto de *Cantares*, poden sequera entendelo. E por outro lado, Fernán Caballero non comparte as denuncias contra a humillación que padece Galicia, igualando as burlas contra os galegos coas que se fan contra os andaluces e aducindo neste sentido o exemplo dun texto que a ela lle doe de perto: *El diablo en Cantillana*. En realidade, Fernán Caballero mostra nestes dous aspectos unha actitude ideolóxica moi posicionada, moi distante mesmo da recepción de Ventura Ruiz de Aguilera, aínda que tamén a do poeta salmantino fose crítica. É neste sentido no que cremos que a resposta de Fernán Caballero se pode cualificar de *plebeya*, como fai Rosalía de Castro, no sentido de pouco delicada, con quen lle dedica o libro. “Pero se lo perdono”. Ignoramos que sexa “la manía de Ferminita”, pero Rosalía acaba situando os desencontros literarios e políticos no ámbito xeneracional, atribuíndolle “a unha respetable edad” a forma de ve-las cousas: a ideoloxía. E neses desencontros están situadas claramente tamén as palabras finais da carta: “Benditas sean las plumas femeninas, que en nuestro pais son las puras vestales que se consagran á conservar los sagrados fuegos de la Religion, patriotismo, poesia, amor de familia y todo lo bueno”. Evidentemente, como escritora e intelectual, Rosalía está moi lonxe da posición de Fernán Caballero a respecto das “plumas femeninas” e de outros moitos temas. Creemos que este marcado redobre ideolóxico final do texto é o que tamén subliña a distancia entre as dúas escritoras, distancia que a dedicatoria problematiza, como advertiu María do Cebreiro (2012) e que, segundo a nosa opinión, Rosalía quere diluír nunha cuestión de idade que era totalmente real: o día en que asina a carta, Fernán Caballero tiña sesenta e sete anos, Rosalía vinte e seis. En todo caso, a padronesa parece perdoar e desculpar, aínda que sexa “daquela maneira”, as palabras menos gabanciosas desta carta. E en realidade foi así pois en 1867 remitiulle *A mi madre* e *El caballero de las botas azules*. Desta segunda ocasión conservamos só as flores, especialmente interesantes, da resposta. Os dardos, se os houber, fican para este caso de momento ignorados.

Datación e autoría dos engadidos

A carta de Fernán Caballero a Rosalía, como dixemos, está datada o 25 de xaneiro de 1864 e a de Rosalía a Murguía non puido ser posterior, como sabemos por Barreiro Fernández, a maio de 1864. Agora ben, temos unha referencia máis nesta última que nos permite aínda precisar algo máis a data en que Rosalía tilda de *plebeya* a Fernán Caballero. Poucas liñas antes de facelo di (Naya 1953, 83-84) :

Hoy le escribo a Segade, encargándole con mucho ahínco lo que me encargas de La Coruña, pero me ha parecido notar un día que él conceptúa inútiles los esfuerzos que se pueden hacer respecto a ese particular, y yo soy de la primera opinión.

E ben, no seu artigo “Referencias a Rosalía en cartas de sus contemporáneos”, Carballo Calero (1963) reproduce unha carta de Ramón Segade Campoamor, datada o 14 de abril de 1864, que nos parece ser contestación á que nese “hoy” que aínda descoñecemos lle ía escribir Rosalía de Castro. Nela Segade dille:

Mi apreciable amiga: los versos que V. Ha tenido la bondad de remitirme me han gustado pero he reflexionado que no merecen la pena las personas a quienes se dirigen que nos espongan a pasar algunos disgustos que es mui facil que puedan sobrevenirnos en caso de llevar a cabo nuestro pensamiento.

Como di Carballo Calero (1963, 82) no comentario da carta, non sabemos a que versos se alude, a que persoas ían dirixidos, nin a que tipo de disgustos se expuñan. A pesar do estilo tan críptico do texto, para Barreiro (2012, 253) o encargo de Segade, que daquela vivía na Coruña, ía dirixido á Deputación e tiña que ver coa produción de Murguía. A resposta de Segade confirmaría as sospeitas de Rosalía e a súa maior confianza “en lo de Pontevedra”. Deste xeito cremos que a carta de Rosalía

é anterior ó 10 de maio de 1864 en que cesa na Deputación de Pontevedra o Conde de San Juan, pero tamén anterior a este 14 de abril en que recibe contestación de Segade Campoamor. Deste xeito, sabemos que Rosalía se dirixe a Murguía nesa carta que ela mesma considera “de tono feroz” nun día posterior ó 25 de xaneiro e moi próximo do 14 de abril de 1864.

Esta presenza de Segade Campoamor na carta de Rosalía levounos a revisa-lo seu papel na biografía de Murguía. Xosé Ramón Barreiro (2012, 270) indícanos que fora un fiel colaborador en varias das súas obras, desde o *Diccionario de escritores gallegos*. *E engade:*

Segade Campoamor foi algo máis que un ocasional informador. Era un rendeiro reservado, mesmo taciturno, puntilloso nas cuestións de etiqueta pero un gran bibliógrafo. Non gozaba de simpatías polo seu carácter retraído e arrogante, pero tñalle a Murguía unha enorme devoción. A súa moi conservadora postura na política levarao a rifar en non poucas ocasións co progresista Murguía.

Isto fixonos seguirlle a pista xa máis polo miúdo nos dous tomos das *Cartas a Murguía* que editaron Xosé Ramón Barreiro e Xosé Luís Axeitos. Nunha das notas dos editores (2003, 206) disenos:

Ramón Segade, nacido en Santiago, forma parte dos íntimos amigos da infancia de Murguía. Era licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago e foi vicesecretario da Sociedade Económica de Amigos del País, de Santiago. Foi tamén redactor do Semanario de Santiago e colaborador de *El Museo Universal* e *Ilustración Gallega y Asturiana*, etc. Publicou varias novelas, *La olla del diablo*, *Cristina*, *Francisca*, etc. Parece, polo talante das cartas, que son amigos da infancia compostelán, de aquí o ton confidencial.

Pero ademais do íntimo círculo de Murguía, ou talvez por iso, Segade tamén era dun círculo moi próximo a Rosalía. Así nolo explican Barreiro e Axeitos (2003, 243): “Ramón Segade, en ausencia de Murguía, durante os anos 1863 e 1864, parece que mantivo unha actitude protectora e servicial con Rosalía tal como proban as cartas que lle dirixe”. E a continuación reproducen unha, a datada o 6 de xullo de 1864:

Apreciable amiga: remito a U. ese libro de su propiedad y espero me haga el obsequio de enviarme aquella obra de Pouhdon [sic], que le in-

diqué cuando estuve en esa; es del tamaño de la que le remito y de forro amarillo. Está al principio del estante entrando.

He visto en la Iberia que la obra de Manolo fue recomendada al Gobierno por la Academia, en un brillante informe. Dígame U. cómo sigue y cómo van sus asuntos.

As cartas de Segade a Murguía teñen múltiple interese. Agora ben, para nós, teñen un interese especial en canto poden iluminar os círculos de relación da nosa autora. Neses anos en que se publica o libro (1863) e Rosalía recibe a carta que se reproduce neste exemplar (1864), anos de ausencia de Murguía, a relación de Segade con Rosalía foi moi estreita. En moitas cartas posteriores, xa na década de 1880, Segade manda saúdos para Rosalía e Alejandrita, só para Alejandrita, cando xa naceran o resto dos fillos, porque Alejandrita era a meniña daqueles anos. Outras probas da correspondencia son evidentes: “Rosalía con quien estuve me refirió lo de la biblioteca y que la visitara a Aguilera pero esto no debe a U. desanimarle, no desmaye U. amigo mío que hay mucha diferencia de una cosa a otra”(novembro de 1863), “Veo por lo que U. dice a su esposa” (04.04.64), “Por su Señora de U. habrá sabido...” (02.06.64) (Barreiro-Axeitos 2003, 209-210 e 234). E Segade alude en varias ocasións ó libro de Rosalía na súa correspondencia con Murguía: “feliz éxito de los Cantares”(novembro de 1863) , “No me olvido de su encargo de U. de los Cantares” (26.11.63), “En cuanto al libro de los Cantares, he visto efectivamente y con sorpresa que nada decían los periódicos“ (26.02.64) (Barreiro-Axeitos 2003: 209-210, 215, 226).

Non nos cabe a menor dúbida de que un exemplar da primeira edición de *Cantares gallegos* que incorpora unha *carte de visite* da autora, un autógrafo e unha epístola particular tiña que ser propiedade ou tiña que ser executado por unha persoa do íntimo círculo de relación de Rosalía. E Ramón Segade Campoamor érao, como acabamos de ver. Aínda máis. Alén de todo isto hai un feito simbólico que cómpre lembrar e que vincula moi estreitamente a Segade con *Cantares gallegos*, con Rosalía e con Murguía: na contraportada da primeira edición, nos poucos exemplares nos que aínda pode verse, entre as “Obras en prensa” que anuncia Compañel, despois do *Diccionario de escritores gallegos* e de *La primera luz* de Murguía, figura *La olla del diablo*, “novela por don Ramón Segade, edición de lujo en 8º francés, precioso papel y esmerada impresión”. Probabelmente Ramón Segade quixo facer máis seu e máis grande o libro que o vinculaba ó seu amigo de sempre e á súa admirada muller escritora con todos estes extraordinarios engadidos.

Agora ben, hai unha proba talvez máis contundente que vincula a autoría da transcripción da carta de Fernán Caballero e consecuentemente a restante intervención neste orixinal exemplar coa incorporación de fotografía e autógrafo da autora:

a caligrafía. Foi Xosé Luís Axeitos, editor da correspondencia de Murguía, versado no tema e familiarizado coa caligrafía de Segade, quen ó coñecer a existencia desta carta autógrafa nos puxo na pista do bibliógrafo compostelán. E efectivamente puidemos comprobar, aínda que non somos expertos no tema, as incontestábeis veciñanzas caligráficas que atopamos entre a súa carta a Murguía (Barreiro-Axeitos, 2003, 189-1909) e a man que transcribe a de Fernán Caballero a Rosalía.

Ramón Segade Campoamor

Aínda que non sabemos en que data naceu, era con certeza o compostelán Ramón Segade da xeración de Murguía e Rosalía de Castro. Así o cría tamén Juan Naya (1951), que lle fai boa gabanza a este “celebrado escritor y novelista gallego” nun artigo da súa sección de biografías titulada “Granos de arena” publicado en *La Voz de Galicia* o tres de outubro de 1951. Pondera Naya a súa prosa e os seus abundantes artigos, publicados nas máis diversas revistas da época. Cítanse *Galicia. Revista Universal de este Reino e Ilustración Gallega y Asturiana*, pero tamén ten artigos na *Revista Galaica*, na *Revista de Galicia*, en *Galicia. Revista regional*, en *El Museo Universal...* ou en *La Ilustración Católica*, como nos di Couceiro Freijomil (1954, 347). De perfil rexionalista e conservador, sempre en castelán, Segade rescata documentos e escribe sobre historia, recensiona libros (coma as *Elegías* de Ruíz de Aguilera ou *Los pazos de Ulloa* de Emilia Pardo Bazán), fai semblanzas literarias, publica artigos de costumes, viaxes e literatura... Ás veces tamén dá a coñecer na prensa pequenas pezas teatrais, algún poema, contos ou mesmo folletíns. E ás veces cadra no seu obxecto literario con Rosalía e con Murguía, coma cando describe as ruínas do compostelán convento de San Lourenzo, aínda que a óptica utilizada sexa distinta. En canto ás súas publicacións individuais, ademais de *Impresiones morales*, *Cotolay*, *Francisca*, *Pablo Gómez* e outras, destaca precisamente a novela anunciada na contraportada de *Cantares*. Publicada por Compañel, *La olla del diablo* en 1864 (coñecera outra edición anterior) é a súa primeira novela e está ambientada nunha aldea á beira do Tambre, que ben podía ser Portomouro, e xira arredor da crenza dos veciños segundo a cal un remuíño fervente do río, situado á beira dunha pena negra, é unha ola na que ferven sen cesar as almas dos condenados.

Foi Segade un fidelísimo de Murguía, a pesar de se relacionar a partir de 1880 tamén con Emilia Pardo Bazán. Así nolo describe Naya e así o podemos deducir da correspondencia. Asina Segade en Santiago numerosas cartas a Murguía e en Santiago tivo que se relacionar con Rosalía. Pero tamén as asina na Coruña, onde

debeu vivir en longos períodos, así como en Portomouro e Vilaboa (Culleredo), onde tiña “casa de quinta”, na que acollería en tempadas a Aurelio Aguirre segundo Naya. A súa fidelidade a Murguía, cuxas intimidades ilustran varias cartas, é tamén unha fidelidade de carácter práctico: Segade, orientado por Murguía, realiza un constante labor de transcripción, documentación e investigación para o seu amigo, para o seu *Diccionario de escritores* ou para a súa *Historia*. Por riba das diferenzas políticas que había entre ambos, Segade colabora estreitamente con Murguía no proxecto rexionalista deste.

Este perfil é precisamente o que asoma no texto de seu que nos regala. Despois da transcripción, Segade Campoamor ocúpase de analizar segundo o seu propio criterio o valor das palabras de Fernán Caballero. A súa é unha retórica común desde os inicios do sistema literario galego contemporáneo: o recoñecemento exterior de Rosalía de Castro, o dos “varios periódicos ilustrados de Madrid” e o das “personas de mucha instrucción y saber”, coma neste caso Fernán Caballero, fronte ó suposto ou real abandono dos seus paisanos. Trátase de lexitimar a posición da autora amiga e da súa obra recorrendo ó *outro* e ó seu prestixio. Dalgún xeito, é algo parecido ó que lle expresa a Murguía: “En cuanto al libro de los Cantares, he visto efectivamente y con sorpresa que nada decían los periódicos” (Barreiro-Axeitos 2003, 226). Tendo en conta que a carta de Fernán Caballero é do 25 de xaneiro de 1864 e estas palabras son do 26 de febreiro, parécenos que o texto é datable arredor desta última ou nos días seguintes. O contexto é o mesmo.

E efectivamente Rosalía de Castro tivo desde aquela un nome na república das letras, cousa da que non foi capaz o propio Ramón Segade Campoamor, a pesar dos seus intentos, dos seus traballos historiográficos como escudeiro de Murguía, da súa curiosidade estética e literaria e das súas numerosas e interesantes lecturas, como observamos nas cartas que lle envía a quen ten por mestre. Nunha delas, en marzo de 1870, chega a confesarlle ó seu amigo que “Voy a deshacerme de todos los libros, de esta manera sacaré de delante la tentación [de seguir escribindo]” (Barreiro-Axeitos 2005, 125). Pero non fixo tal. Segade, que seguiu sendo amigo e fiel de Murguía, mesmo a pesar da súa participación no *Folk-Lore gallego* da Pardo Bazán, continuou lendo e escribindo. E non só falou con Murguía do *Folk-Lore*. Tamén falou de Sarmiento, de *El Búho gallego*, que copiou, da *Corónica de Santa María de Iria*, de Cubi i Soler, de Sánchez Boado, de Prisciliano, de Vesteiro Torres, de Hegel, do realismo, de Dikens, da Academia Literaria de 1840, de Flaubert ou de Karl Marx... Mal, de Marx e de Pablo Iglesias falaba Segade mal en 1883, “desengañado de lo que es el mundo” (Barreiro-Axeitos 2005, 439).

Xa no final da semblanza de Segade dinos Juan Naya:

La biblioteca de Segade debió de ser muy buena. Nosotros somos testi-

gos de mayor excepción por cuanto hemos visto bastantes ejemplares de aquélla. Uno de ellos, el famoso y celebrado “Armas y triunfos del reino de Galicia”, del P. Fr. Felipe de la Gándara, fué adquirido por la Real Academia Gallega, que lo posee en su rica librería, la más voluminosa y especializada en libros del país. Por cierto que una nota del propio Segade, que figura en la parte interior de la cubierta, de pergamino, dice: “Este libro fué del uso de don Manuel Martínez Murguía, autor de la “Historia incompleta de Galicia”. Lo adquirí en el año 1879, con otros varios del mismo señor, a quien su mal estado de fortuna obligó a vender. Probablemente volverá e venderme e irá como papel viejo.

Contra o final da súa vida (morreu en Compostela en 1887), parece que non deixou Segade Campoamor de enfeitar os seus libros, de personalizalos. Remata Naya pondo no seu sitio a íntima arrogancia e soberbia de Segade co amigo:

¡Pobre Segade! Con todo su talento no previó que sus propios libros y manuscritos se venderían como el decía que habrían de serlo los del Patriarca, que afortunadamente no lo fueron.

“Que así o mundo vai rolando”, como xa nos deixara dito a Rosalía de Cantares a Segade, a Naya e a todos para sempre, quer nas páxinas deste exemplar extraordinario que hoxe damos a coñecer, quer nas de calquera máis común, diante da ruína irreparábel da súa propia estirpe.

Biografía

Acuña, Xosé Henrique (2003): “Volve a fotografía. Retorna a memoria”. En *Revista das Letras*. Suplemento “Pioneir*s” nº 493 (04.12) de *Galicia Hoxe*.

Angueira, Anxo (2013): “Estudo introdutorio” en Rosalía de Castro: *Cantares gallegos*. Xerais: Vigo, 11-114.

Barreiro Fernández, Xosé Ramón (2012): *Murguía*. Galaxia: Vigo.

Barreiro Fernández, X. R. e Xosé Luís Axeitos (2003): *Cartas a Murguía I*. Fundación Barrié: A Coruña.

– (2005): *Cartas a Murguía II*. Fundación Barrié: A Coruña.

Bouza Brey, Fermín (1963): “Los *Cantares gallegos* o Rosalía y los suyos entre 1860 y 1863”. Cuadernos de Estudios Gallegos, 56, 252-302.

Carballo Calero, Ricardo (1959): *Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía*, discurso de ingreso na Real Academia Galega lido o día 17 de maio de 1958 seguido da resposta de Ramón Otero Pedrayo. Ediciones Celta: Lugo.

– (1963): “Referencias a Rosalía en cartas de sus contemporáneos”.

Cuadernos de Estudios Gallegos, XVIII, 303-313.

Couceiro Freijomil, Antonio (1954): *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*. Vol. 3. Bibliófilos Gallegos: Santiago de Compostela

Rábade Villar, María do Cebreiro (2012): “Historia dunha dedicatória”. *El País*, suplemento Luces, 14 de setembro.

Naya, Juan (1951): “Ramón Segade Campoamor”. *La Voz de Galicia*, 03.10.1951, 6.
– (1953): *Inéditos de Rosalía*. Patronato Rosalía de Castro: Santiago.

Rodríguez, Lois: “O retrato de Portela que mudou a imaxe de Rosalía”. En <http://rosaliadecastro.org/retrato-portela/>

As de cantar,
Que ch' eu de dar

I

As de cantar
Menina gaiteira
As de cantar,
Que me morro de pena

Canta menina
Na veira da fonte
Canta daveiche
Balanos do pole.